



María Esther Regueiro e Roberto López,
propietarios de Ganadería Xuana SC

Ganadería Xuana SC, cifras de récord

Tras quince meses de traballo con muxido robotizado, na Ganadería Xuana SC, de Lugo, están a lograr moi bos resultados en canto a fluxos e velocidade de muxido, produción, muxidos por vaca e día, tempo de colocación de tetroeiras e rendementos co robot.

Coñecemos da man de Roberto López Rivas, propietario da explotación, todas as claves deste éxito.

Explotación: Ganadería Xuana SC

Localización: Lugo

Animais en total: 115

Vacas en muxido: 63

Media de muxidos: 3

Media de produción: 40,9 litros/vaca/día

Graxa: 3,70 %

Proteína: 3,35 %

RCS: 170.000 cél./ml

Un dos datos clave para a consecución de bos rendementos no robot de muxido é o resultado dos fluxos. Neste caso, as vacas de Ganadería Xuana SC están a alcanzar **fluxos altos**, cunha media de máis de **3 kg/minuto**.

Para iso, López Rivas afirma que “é o resultado de varios aspectos. A xenética é fundamental. Contar con bos ubres, boa colocación de tetos e alta velocidade de muxido fai que o tempo de estancia no box sexa inferior. O manexo tamén é importante, non é bo masificar o robot para que os animais non dubiden en entrar e non cheguen con moitos litros. Así, as vacas séntense máis cómodas e teñen un mellor fluxo de leite. Por último, é destacable a rutina seguida polo robot, pois unha boa estimulación fai que o muxido sexa moito máis rápido”.

Outra das cifras destacables en Ganadería Xuana SC é a media de **leite extraído por vaca e muxido**, que está ao redor dos **13 ou 14 kg**. A boa xestión do rabaño é un dos segredos para que as vacas non vaian moi sobrecargadas de leite ao muxido e se logre aumentar o seu confort diario.

Ademais, Ganadería Xuana SC conta con portas de preselección e postselección, coas que o robot pode separar automaticamente as vacas con necesidades especiais. A porta de preselección permite que a vaca estea no establo, comendo, bebendo ou deitada, cando ela queira, e facilita o seu paso ao robot só no caso de ter permiso de muxido. Neste sentido, Roberto López destaca que “as principais vantaxes desta preselección son dúas: evitar perdas de tempo provocadas por animais que non teñen permiso de muxido e só entran para comer concentrado, e poder meter na sala de espera os animais novos, que necesitan axuda durante a súa aprendizaxe”.

200 MUXIDOS AO DÍA

Actualmente moxen 63 vacas cunha media de máis de **3 muxidos por vaca e día**, un total duns 200 muxidos ao día neste robot, un dato que non é puntual se analizamos a traxectoria de meses anteriores. A cifra só varía en determinadas datas, debido a factores coma un menor número de vacas en muxido (gráfica 2).

Á hora de dar permisos de muxido, López Rivas diferencia entre vacas adultas e vacas de primeiro parto: “Aos animais adultos limitámoslles a entrada a dous muxidos diarios os primeiros días e despois, segundo a produción, axustamos ata un máximo de cinco entradas. Ás vacas de primeira lactación permitímoslles o muxido as veces que queiran

Gráfica 1



Gráfica 2



Gráfica 3



ata os catro meses de lactación, cun máximo de cinco entradas ao día, para estimular a glándula mamaria. A partir do cuarto mes facémolo segundo a produción. En ambos os casos realizamos correccións por grupos de muxido semanalmente”.

MUXIDO EN MENOS DE 5 MINUTOS

O tempo de muxido está entre 4 e 5 minutos por muxido (gráfica 3). Este tempo comprende desde que se detecta fluxo no muxido ata a retirada das teteoiras.

Ademais do tempo de muxido propiamente dito, o sistema proporciona datos sobre outros tempos (gráfica 4).

- O **tempo de colocación** considérase desde que a vaca entra ao box ata que o xogo de muxido está colocado e extrae os primeiros chorros.

Neste caso a media dos últimos días está ao redor dos 30-40 segundos (de 0,5 a 0,7 minutos x 60 segundos/min). Durante este tempo o xogo de muxido sae da súa posición de CIP –onde fai desinfección entre unha vaca e a seguinte–, realiza o movemento de colocación por teto, a limpeza do teto –opcionalmente con uso de *predipping*– e secado e a detección de fluxo e extracción de primeiros chorros.

- O **tempo total de estancia en box** é o tempo que transcorre desde que a vaca é identificada polo robot ata que sae e o box ten a porta aberta para o acceso do seguinte animal. Na gráfica 4 vemos como o día 4 de maio este tempo en Ganadería Xuana SC foi de 6,1 minutos, é dicir, 6 minutos e 6 segundos.

Os factores que delimitan o tempo total de estancia no box son os seguintes: o tempo de colocación, o tempo de muxido, o fluxo dos animais e o quilo de concentrado de alimentación en box. En canto a este último aspecto, Roberto López subliña que “os primeiros días de lactación asignamos uns 2,5 kg de concentrado por día e logo imos incrementando a cantidade progresivamente en función dos días e da cantidade de leite producido por cada vaca. A día de hoxe estamos en 5 kg de concentrado por vaca e día de media”.

As claves para un bo funcionamento das granxas robotizadas pasan por unha correcta alimentación, un bo control da saúde animal e unha adecuada xestión do muxido, tres aspectos que cumpre Ganadería Xuana SC utilizando as ferramentas básicas de GEA: “Traballo diariamente con FarmView para xestionar o robot, comprobar as estatísticas dos muxidos ou ver os posibles atrasos e cos CowScout para controlar os tempos de inxestión, ruminación e descanso dos animais, parámetros que nos permiten atallar posibles trastornos de saúde canto antes”. A combinación de ambas as aplicacións facilita unha xestión do rabaño cada vez máis eficiente e rendible.


FarmView, control remoto do rabaño

O programa FarmView, de GEA, permite o control dos animais en lactación e o gandeiro pode ter acceso a toda a información do box de muxido: acceso ao rabaño en tempo real desde calquera punto, datos e estatísticas para a xestión do rabaño, dispoñibilidade e acceso *on-line* para calquera asesoramento remoto cun técnico, sen necesidade de acudir á granxa, e almacenamento de datos na nube da granxa con copias de seguridade que garanten a dispoñibilidade da información en todo momento.

Cun manexo intuitivo e sinxelo para o operador, desde un *smartphone*, *tablet* ou computador, pódese comprobar:

- **A localización da vaca.** Na gráfica 5 a vaca 20 entrou a sala de espera e xa está en muxido.
- **O muxido incompleto.** Esta notificación indica que a vaca baixou a produción máis dun 20 % ou algún dos seus tetos non alcanzou o leite mínimo estimado. É un dato que nos proporciona información para anticiparnos a posibles alteracións no animal: enfermidade, alta actividade...
- **O destino do leite.** O robot permite a separación de leite por cuartos e pode dirixirse a tres destinos: tanque, drenaxe ou xatos (no caso da gráfica 5, o leite dos catro tetos está a ir ao tanque).
- **A cantidade de leite esperado.** Indica a produción esperada de cada vaca en tempo real, o que permite ordenar por prioridade ás que se espere que dean máis leite (na gráfica 5, da vaca 1 espéranse 16,09 kg nese instante).
- **O último muxido completo.** Indica cantas horas pasaron desde que se muxiui a vaca por última vez.
- **A porcentaxe excedida.** Clasifica os animais segundo o permiso de muxido que teñan (2, 3, 4, 5 muxidos). Deste xeito, na listaxe poden aparecer vacas con menor tempo pasado desde que se muxiron e unha porcentaxe excedida maior, pois teñen máis permisos de muxido.

Gráfica 4



Gráfica 5

EN VÍDEO

